


REDE GALEGA CONTRA A POBREZA

EAPN



N

GALICIA

www.eapn-galicia.com



**MEMORIA
RESUMO
EAPN-GALICIA**

2019

Presentación.....	2
Reclamando dereitos dende a participación activa	4
Traballando xuntos e xuntas polos dereitos	6
Formando sobre prexuízos e aporofobia.....	9
Plan de choque contra a pobreza nas familias monoparentais	10
Apostando activamente pola igualdade de xénero.....	11
Incidindo no futuro: eleccións municipais, xerais e europeas	12
Construíndo a Axenda Social de Galicia 2020	12
Campañas de Comunicación: #ContrAporofobia, #MentirasPobreza, #Pobreza26M, #EuSiVoto e #ContraPobreza	13
Campaña da Renda "X Solidaria 2019"	14
Día da erradicación da pobreza. Informe estado da pobreza 2019	15
Día da xustiza social. exposición Olladas Inclusivas na sede da Xunta de Galicia	15
Boletín "En Rede Social"	16
Máis rede, incidencia e participación.....	17

PRESENTACIÓN

A **Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español da Comunidade Autónoma de Galicia (EAPN-Galicia)** é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión social a través da defensa dos dereitos das persoas mediante a incidencia política e social. Naceu no 2008 respondendo á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvoltas en Galicia.

EAPN-Galicia é membro da Rede de Loita contra a Pobreza e a exclusión social no Estado Español (EAPN-España) e forma parte da European Anti Poverty Network (EAPN), Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, fundada no ano 1989.

Na actualidade está inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769. Está constituída por 128 ONG de primeiro nivel **a través dos seus 26 socios directos**¹, todas elas entidades representativas de colectivos vulnerables, que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

ACCEM Galicia * **Asociación para a Prevención e a Educación Social (A.P.E.S.)** * **Arela** * **Asemblea Cooperación pola Paz (ACPP)** * **Boa Vida Inclusión Activa** * **Cáritas Mondoñedo-Ferrol** * **Caritas Tui-Vigo** * **Caritas Lugo** * **Caritas Ourense** * **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)** * **Centro Desenvolvemento Rural O Viso** * **Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas** * **Ecos do Sur** * **Emaús Fundación Social** * **Federación Autismo Galicia** * **Saúde Mental-FEAFES Galicia** * **Federación Alzheimer Galicia** * **Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)** * **Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (DOWN GALICIA)** *

¹ <http://eapn-galicia.com/entidades-membro/>

Fundación Amaranta * Fundación Érguete Integración *
Fundación Juan Soñador * Fundación Meniños * Fundación
Secretariado Xitano * Fundación Ronsel * Instituto Galego de
Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES3) * Médicos do Mundo *
Provivienda * Fundación Esplai

As relacións entre as persoas e todas as entidades nomeadas que forman parte da Rede condúcense consonte aos seguintes valores: independencia, participación activa, compromiso, colaboración, transparencia, innovación e representatividade e equidade de xénero.

Misión

"EAPN Galicia - Rede Galega Contra a Pobreza é unha organización non lucrativa, que reúne ás Entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero. Que traballa polas mesmas causas, dende un enfoque de dereitos pola defensa dos intereses das persoas en situación ou risco de pobreza e da súa participación comunitaria plena, mediante a incidencia política e social propositiva"

Partindo da misión e os valores establecidos no Plan Estratéxico 2016-2019², EAPN-Galicia constrúe as súas actuacións e esforzos en base ós seguintes obxectivos:

1. **Facilitar os fluxos de información** entre as organizacións do terceiro sector e **contribuír á formación** dos seus diversos axentes.
2. **Contribuír ó análise da realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas** e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.
3. **Incidir nas políticas sociais** desenvoltas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.

² <http://eapn-galicia.com/es/quienes-somos/mision-vision-e-valores/>

4. **Defender ó Terceiro Sector de Acción Social** como actor imprescindible no sistema de servizos sociais públicos. Fomento dun diálogo civil normalizado e estable e recoñecemento do seu orixe non lucrativo na contratación pública.
5. Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, **desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións**, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
6. **Facilitar a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social nas entidades** membro e diante das diversas administracións públicas.
7. **Sensibilizar ao conxunto da sociedade** e corresponsabilizar aos axentes clave, en particular Administracións Públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

RECLAMANDO DEREITOS DENDE A PARTICIPACIÓN ACTIVA

Este 2019 tivo lugar en Santiago de Compostela (26, 27 e 28 de xuño) o [XIII Encuentro de Participación³](#) que cada ano celebra EAPN-España en distintos puntos do Estado. A temática principal da



xuntanza foi a Loita contra a Pobreza, a Exclusión Social e a Desigualdade no marco dos ODS. Nesta ocasión, o evento fusionouse co habitual Seminario Galego de Participación, que xa conta con dez edicións, e tivo un total de 180 persoas asistentes.

O obxectivo deste encontro foi o de crear un espazo onde se contribuíse ao empoderamento das persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social, de

³ [XIII Encuentro de Participación](#)

modo que se fomentasen as súas capacidades para coñecer, comprender, defender e reclamar os dereitos que lle son recoñecidos.

Como resultado das actividades, reivindicouse que no desenvolvemento de plans operativos, no marco da Estratexia Nacional de Prevención e Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social 2019-2023, se debe contar coa participación das persoas ás que beneficiará. Asemade, reclamouse para a nova lexislatura o desenvolvemento dun Pacto contra a Pobreza.

O **Grupo de Participación** de EAPN-Galicia participou activamente no deseño e avaliación deste encontro; pero tamén continuou a súa labor no **'PEP Meeting 2019' en Bruxelas**, coa elaboración de propostas e viaxe de dúas persoas integrantes do grupo para formar parte da delegación. Cumprindo coas directrices do Plan Estratégico 2016-2019, este grupo traballou de maneira transversal en moitas das actuacións levadas a cabo pola rede, co fin de que exista unha participación real e plena das persoas en risco de exclusión social na loita polo cumprimento dos seus dereitos.



A capital galega acolleu o 9 de maio o encontro de participación **'A mocidade como motor de transformación social'**⁴. O obxectivo desta xornada foi o de xerar un espazo de participación e diálogo que facilitase o

desenvolvemento de propostas de mellora e cambio social no eido da vivenda, o emprego e a educación. O evento foi organizado conxuntamente co alumnado da Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS) da USC.

Como resultado do encontro, formouse o **Grupo de Participación Xuvenil de EAPN-Galicia**, formado polas voluntarias da rede, estudantes e traballadoras

⁴ [Mozas e mozos fan propostas contra a pobreza que sofren unha de cada tres persoas da súa idade](#)

mozas, que continúan a traballar en proporcionar de estabilidade ao grupo e con interese de ampliar o mesmo incorporando a persoas mozas en risco de pobreza e/ou exclusión participantes das entidades membro de EAPN Galicia.

No marco do proxecto de diálogo estruturado (Erasmus+), e como consecuencia do traballo realizado por este Grupo de Participación Xuvenil, dúas representantes viaxaron a Madrid. No Encontro defenderon o informe de propostas elaborado dende o grupo previamente e participaron en actividades de debate propositivo con outras mozas e mozos en risco de pobreza e/ou exclusión social e persoas expertas e con capacidade de toma de decisións.

Actualmente o grupo continua medrando e busca fomentar a participación na vida democrática, o mercado de traballo, a cidadanía activa, o diálogo intercultural e a inclusión social.

TRABALLANDO XUNTOS E XUNTAS POLOS DEREITOS

No eido do **Emprego** traballouse durante todo o ano no deseño e posterior presentación á Consellería de Economía, Emprego e Industria dun modelo piloto de convocatoria de inserción sociolaboral de persoas en situación de pobreza severa que permitira incluír nun único programa todas as fases da inclusión laboral, con financiamento plurianual e enfoque holístico.

Con orientación decidida a resultados e compromisos de inserción laboral concretos, fomento do traballo en rede entre entidades para asegurar sinerxías con empresas dende o primeiro momento, esta convocatoria, que recibe finalmente o nome de '**Programa de posta a punto para o emprego**'⁵, quedou no 2019 en fase de borrador e pendente da súa publicación. Tamén se fixeron propostas de mellora para a Convocatoria Cooperación do 2019.

O **Grupo de Traballo de Inclusión** estivo a facer un seguimento do novo Decreto 14/2019 de desenvolvemento integral da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia⁶. Meses despois da súa publicación xurdiu a necesidade de

⁵ [Nova convocatoria integral para a inserción laboral de persoas en pobreza](#)

⁶ [Unha oportunidade para loitar contra a pobreza severa en Galicia?](#)

prantexar á Consellería de Política Social como se percibe a implantación do mesmo dende as organizacións especializadas e que dúbidas se teñen, co obxectivo de solucionarlas e implantar accións de formación específicas. O traballo culminou cun informe enviado á mesma Consellería e reactivarase no 2020 con mais elementos para a avaliación tras un ano de funcionamento do Decreto.

No 2019, o Grupo de Traballo de Inclusión, estaba integrado por profesionais e persoas en pobreza de Amaranta, Boa Vida, Cáritas Vigo, COGAMI, Down Galicia, Emaús, Juan Soñador, Médicos do Mundo, Provivienda e a Federación Autismo Galicia.

Por outra banda, dende o **Grupo de Traballo de Comunicación**, seguiuase a traballar de cara á sensibilización e visibilidade das causas da pobreza e da exclusión social; todo elo dende a perspectiva do discurso común. Ao fin de 2019, este grupo estaba integrado por profesionais e voluntarias das entidades membro: Arela, COGAMI, Ecos do Sur, Federación Autismo Galicia, Saúde Mental-FEAFES Galicia, Federación Alzheimer Galicia (FAGAL), Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE), Federación Down Galicia, Fundación Meniños, Fundación Erguete Integración e Fundación JuanSoñador.

Este grupo organizou xornadas formativas dirixidas a profesionais e voluntarias das entidades membro da rede sobre protección de datos e imaxe e sobre loita contra o discurso do odio e fomento de discurso alternativo.

○ **Seminario de 'Cuestións prácticas sobre protección de datos e imaxe'**,

foi dirixido por Santiago Miguez, avogado e responsable da área legal de Algalia, co obxectivo de garantir o cumprimento das diferentes normativas de aplicación na comunicación efectuada por unha entidade sen ánimo de lucro. Esta



formación, de catro horas de duración, partiu dunha serie de dúbidas e cuestións das 37 participantes expostas antes da realización do curso.

Outro dos seminarios levados a cabo dende EAPN-Galicia foi **'Dereito á enerxía para familias vulnerables'**⁷, celebrado o 17 de decembro na Escola Galega de Administracións Públicas. Nel, estívose a falar da pobreza enerxética dende un enfoque de dereitos, ofrecendo datos sobre a situación en España, pero tamén das medidas autonómicas existentes de cara a paliala.



Así mesmo, EAPN-Galicia participou en diferentes espazos ao longo do ano nos que sempre se puxo de relevo a importancia do enfoque de dereitos e do traballo en rede na loita contra a pobreza e a exclusión social. Os días 29 de abril e 2 de maio no **Seminario 'Mais pobres, máis desiguais, máis culpables? Inclusión sociolaboral e traballo en rede na loita contra a pobreza'** na Facultade de Relacións Laborais da Universidade da Coruña, así como a realización de diferentes charlas na Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela.

O 25 de xuño tivo lugar o encontro que xirou ao redor do estudo **'Hábitos de Alimentación'**, que a Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) presentou a principios de ano. Ao longo da xornada examináronse os diferentes parámetros que inflúen na configuración da cesta da compra. EAPN-Galicia participou na segunda mesa redonda onde se abordou a capacidade económica das persoas consumidoras e como esta determina a súa opción de compra.

Noutro eido, o 29 de outubro, o Concello de Ferrol organizou a xornada **'Inclusión Social e Persoas sen Fogar'** na que EAPN-Galicia participou coa intervención na ponencia *'Combatemos as mentiras e os prexuízos xunto ás persoas sen fogar'*.

⁷ [Obradoiro Dereito á enerxía para familias vulnerables](#)

FORMANDO SOBRE PREXUÍZOS E APOROFOBIA

En base as crecentes demandas das persoas en situación ou risco de pobreza, afrontar o discurso de odio e aporofobia é un dos principais eixos de traballo. Por este motivo, celebráronse varias actividades de cara a público diverso.

O antes mencionado Encontro de Participación serviu de pretexto para o lanzamento en toda España da campaña [#ContrAporofobia⁸](#), coordinada dende o Grupo de Comunicación de EAPN Galicia, que contou con actividades en toda España e a presenza en redes sociais, chegando a ser Trending Topic nacional en Twitter.



Para servir de formación previa ao lanzamento da campaña, o 15 de maio celebrouse o obradoiro '**Como combater o discurso do odio en redes sociais e fomentar narrativas alternativas**'. Esta xornada impartida por Natalia Monje, responsable do proxecto CibeRespect da ONG Ecos do Sur, fixo que durante todo o día persoal técnico e voluntario de entidades membro de EAPN Galicia traballaran sobre como identificar e combater o discurso do odio e a desinformación en redes sociais e o emprego de narrativas alternativas para o cambio social.

E continuando coas accións enmarcadas nesta temática, no mes de outubro participouse nas aulas de cuarto e primeiro grado da **Escola Universitaria de Traballo social da USC**, onde se levou a cabo o taller [#ContrAporofobia](#) co fin de sensibilizar as futuras profesionais do traballo social sobre a temática así como tentar atopar conxuntamente fórmulas de colaboración conxunta na loita contra a pobreza e a exclusión social e o discurso do odio en concreto.



⁸ [#ContrAporofobia en Twitter](#)

Así mesmo no mes de decembro desenvolveuse unha acción similar con alumnado de 4º de ESO do **Instituto Divino Maestro de Santiago de Compostela** a través da cal se pretendía poñer en marcha unha nova dinámica que permita levar este traballo de sensibilización ás mozas e mozos estudantes de cursos inferiores aos universitarios.

Neste mesmo eido se levou a cabo un asesoramento á Dirección Xeral de Política Social no relativo ao curso **'Os dereitos fundamentais na atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social: evitar a discriminación, a aporofobia e o edadismo'**, que se impartiu na Escola Galega de Administración Pública dende o 16 ao 18 de outubro.

O día 9 de outubro participouse en Madrid no curso **'Asistencia a las víctimas especialmente vulnerables. Particular referencia a las víctimas de delitos de odio'**, organizado polo Ministerio de Xustiza, realizando unha ponencia sobre "Aporofobia, pensamento e linguaxe contra as persoas en pobreza ou exclusión social".

Por último, participouse tamén no marco das **XVII Xornadas de Sensibilización sobre a interculturalidade** organizadas por Ecos do Sur, na Entrega de premios do I Concurso de vídeos Respect en Rede.

PLAN DE CHOQUE CONTRA A POBREZA NAS FAMILIAS MONOPARENTAIS

Este 2019 dedicouse un esforzo importante dende EAPN-Galicia á incidencia a favor das familias monoparentais, das que se detectou unha alta porcentaxe de taxa de pobreza. Creouse o **Grupo Ad Hoc sobre Familias Monoparentais**, integrado por expertas de entidades membro (Fundación Meniños, CDR Portas Abertas, Medicos do Mundo, Arela, Fundación Juan Soñador, Caritas) e puntualmente por persoas doutras entidades.




Dende este grupo, participouse na elaboración do informe “Género, Monoparentalidad y Rentas Mínimas” de EAPN-España, con entrevistas a nais implicadas e difusión dunha enquisa de coñecemento a expertas das entidades membro.

Como punto clave deste proceso de investigación e consulta organizouse o **Seminario ‘Construíndo un plan de choque contra a pobreza en Familias Monoparentais’**⁹ no que participaron profesionais de organizacións de acción social, concellos e persoal técnico da Xunta de Galicia. A través de catro grupos de traballo extraéronse diversas propostas a incluír no futuro Plan de Choque contra a pobreza en Familias Monoparentais. O borrador do mesmo xa inclúe información e terminoloxía básica sobre a situación, normativa e planificación comparada e outra documentación de interese sobre familias monoparentais.

APOSTANDO ACTIVAMENTE POLA IGUALDADE DE XÉNERO

Coa participación de representantes de 22 das 26 organizacións membro da rede, na Asemblea celebrada o 5 de xuño en Santiago de Compostela aprobouse por unanimidade o documento “**Principios para a aplicación da perspectiva de xénero en EAPN Galicia e nas súas entidades membro**”¹⁰.



Este documento elaborado dende o **Grupo de Xénero de EAPN Galicia** ten a intención de facer pedagogía sobre o que implica a perspectiva de xénero e o feminismo así como mellorar o que está a ocorrer nas organizacións do terceiro sector de acción social respecto á igualdade entre mulleres e homes.

⁹ [Construíndo un plan de choque contra a pobreza nas familias monoparentais](#)

¹⁰ [As entidades membro de EAPN Galicia comprométense coa igualdade de xénero](#)

Recolle 11 principios de actuación a nivel externo e interno a aplicar tanto en EAPN Galicia como nas súas entidades membro, así como recomendacións de medidas concretas para a implantación de cada un deles e unha relación de boas prácticas e ferramentas de axuda. Ademais do documento en si elaboráronse dúas infografías sobre o mesmo para a súa difusión en redes sociais e eventos.

INCIDINDO NO FUTURO: ELECCIÓNS MUNICIPAIS, XERAIS E EUROPEAS

O abeiro da convocatoria das **eleccións municipais 2019** elaborouse entre todas as entidades membro de EAPN-Galicia e baixo o lema “*5 principios e 10 medidas para uns concellos ao servizo das persoas*”¹¹ un documento con propostas contra a pobreza e exclusión social que foi presentado ós distintos partidos políticos en varios encontros.

A incidencia política nas diferentes candidaturas a nivel galego (a incidencia no eido local faise dende as nosas entidades membro en cada concello) reforzouse cunha campaña en redes sociais coa etiqueta #Pobreza26M.

Asemade, ao abeiro da convocatoria das **Eleccións xerais e europeas 2019**¹² participouse na campaña #EuSiVoto/#YoSiVoto nas redes sociais, xunto ao resto de redes autonómicas e a propia EAPN España, co obxectivo de fomentar a participación electoral. Tamén se difundiu entre as candidaturas galegas a batería de propostas: ‘*Medidas prioritarias para loitar contra a pobreza, a exclusión social e a desigualdade*’.

CONSTRUÍNDO A AXENDA SOCIAL DE GALICIA 2020

Recoñecendo de xeito formal e por primeira vez o papel da sociedade civil e das organizacións do Terceiro Sector Social con enfoque de dereitos como integrantes e garantes do Sistema público de Servizos Sociais galego xunto a administración autonómica e local, no 2016 asinouse a Axenda Social de Galicia. Coa súa sinatura conxunta Xunta, FEGAMP e EAPN-Galicia

¹¹ [5 principios e 10 medidas para uns concellos ao servizo das persoas](#)

¹² [O 10 de novembro VOTA contra a Pobreza, a Desigualdade e a Aporofobia: 10 metas para decidir o teu voto](#)

comprometéronse a colaborar e cooperar no desenvolvemento de medidas que beneficien ás persoas en pobreza ou exclusión social.

No 2019, rematado o seguimento do cumprimento desa Axenda Social, comezase a traballar na redacción de propostas de mellora e ampliación para unha nova Axenda, que permita avanzar a partires de 2020 e de xeito decidido na erradicación da pobreza e da exclusión social.

CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN: #CONTRAPOROFOBIA, #MENTIRASPOBREZA, #POBREZA26M, #EUSIVOTO E #CONTRAPOBREZA

Con inicio no XIII Encontro de Participación, lanzouse a campaña 'Contra a Aporofobia' que pretende visibilizar as problemáticas que prantexan os estereotipos, os prexuízos e a discriminación das persoas en situación de pobreza ou exclusión social. Esta desenvolveuse durante o último semestre do ano 2019 e dentro das súas actividades inclúese a formación xeral e básica á poboación xeral sobre conceptos relacionados coa aporofobia.

En relación con esta campaña o Presidente do Parlamento difundiu a **Declaración institucional¹³ contra o odio e a intolerancia** ó resto de Parlamentos Autonómicos, Congreso e Senado.

Por outra banda, partindo do traballo realizado polo Grupo de Participación para o VIII Seminario de Participación e Cidadanía Inclusiva, continuouse coa campaña de comunicación e sensibilización #MentirasPobreza, a través da transversalidade en todas as accións levadas a cabo por EAPN Galicia, sendo a súa principal seña de identidade as exposicións baseadas no enfoque de dereitos como 'Dun muro das mentiras ao muro da inclusión' e 'Ninguén á marxe'.

Así mesmo, no marco da **presentación do Informe do Estado da Pobreza 2019** se empregou a campaña #ContraPobreza para difundir os datos que este contén e sensibilizar e formar á cidadanía sobre as formas de medición da pobreza e da exclusión.

¹³ [O Parlamento de Galicia estende o seu compromiso contra a aporofobia e pola tolerancia a todo o estado](#)

Por último, nos diferentes procesos electorais (municipal, xeral e europeo) empregáronse as campañas #Pobreza26M e #EuSiVoto¹⁴ para chamar á participación cidadá e difundir as propostas elaboradas por EAPN Galicia.

CAMPAÑA DA RENDA “X SOLIDARIA 2019”

O 3 de abril máis de 100 persoas ‘debuxaron’ sobre o chan da Praza da Quintana en Santiago de Compostela a forma dunha casiña que rodeou un X solidario xigante¹⁵. Deste xeito, procurouse visibilizar a importancia de marcar a casiña de Fins Sociais na Declaración da Renda.



Este xesto replicouse en outras localidades galegas como A Mariña, Ferrol, Ourense, Lugo e Ribeira, onde tamén participaron persoas que se vían beneficiadas polas persoas que marcaron a casiña.

Actualizouse o mapa cos principais servizos prestados polas entidades do Terceiro Sector Social en Galicia, particularmente aqueles financiados coa casiña de fins sociais do IRPF.

Nesta liña, en xullo lanzouse a campaña “**Empresas solidarias, empresas extraordinarias**”¹⁶, para animar ás empresas que tributan polo Imposto de Sociedades a que destinen 0,7% da cota íntegra que declaran a financiar proxectos sociais.

¹⁴ [#EusiVoto en Twitter](#)

¹⁵ [Unha gran “X” humana anima a contribuíntes a marcar a casiña de fondos sociais na Declaración da Renda](#)


¹⁶ [As empresas xa poden marcar no Imposto de Sociedades a casiña ‘Empresa Solidaria’](#)

DÍA DA ERRADICACIÓN DA POBREZA. INFORME ESTADO DA POBREZA 2019

O 17 de outubro, Día Internacional de Erradicación da Pobreza, xunto á Valedora do Pobo e o vicepresidente de EAPN Galicia, en representación das entidades que conforman a rede, presentou os retos na loita contra a pobreza e a exclusión social.

Ademais da propia Valedora, neste acto estiveron presentes o Vicepresidente do Parlamento, deputadas e deputados de todos os grupos parlamentarios e o Director Xeral de Inclusión Social da Xunta de Galicia. Participaron tamén responsables da Coordinadora Galega de ONGD, Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais e de Traballo Social.

Logo da presentación do informe estatal 'O Estado da pobreza en España 2019, unha radiografía completa da situación de pobreza e exclusión social a nivel estatal', EAPN-Galicia presentou o informe 'O Estado da pobreza en Galicia 2019'¹⁷.



DÍA DA XUSTIZA SOCIAL. EXPOSICIÓN OLLADAS INCLUSIVAS NA SEDE DA XUNTA DE GALICIA

No Día Mundial da Xustiza Social, o 20 de febreiro, inaugurouse a exposición "Olladas Inclusivas: Ninguén á marxe"¹⁸. Conformada por fotografías de persoas das organizacións membro de EAPN Galicia acompañadas de 32 demandas e propostas de loita contra a pobreza e a exclusión social das propias persoas protagonistas das fotografías; estando na sede da Xunta de Galicia ao redor dun mes.

¹⁷ [Menos persoas en pobreza ou privación material severa... Por agora?](#)

¹⁸ [32 demandas de persoas en pobreza ou exclusión social na exposición "Olladas inclusivas. Ninguén á marxe" que hoxe se inaugurou na Xunta de Galicia](#)

Tras esta exposición, e nos seguintes 10 meses, ofreceuse a posibilidade de que entidades, membro ou non de EAPN Galicia, puideran presentar o seu traballo



en sendas exposicións semellantes. Así o fixeron Secretariado Xitano, Cruz Vermella, Caritas Diocesana, Terra e Xente, Fundación Ronsel, Emaus Fundación Social, I.B.S. Padre Rubinos ou Ecos do Sur.

No acto de inauguración estiveron presentes o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo

e o presidente de EAPN Galicia, Antonio Hernández, acompañados de representantes políticas, responsables da Coordinadora Galega de ONGD e Plataforma de Infancia de Galicia e de organizacións de acción social.

BOLETÍN "EN REDE SOCIAL"

O boletín informativo ["En Rede Social"](#) continua a súa andadura, pretendendo ser un espazo de información para toda persoa ou entidade interesada en coñecer as últimas novas das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego implicadas na loita contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero.

Neste 2019, editáronse 23 novos números e subscribíronse aproximadamente 700 novas persoas. A subscrición pode realizarse de xeito sinxelo en:

[Subscripción Boletín EnRedeSocial.](#)

EN REDE SOCIAL

MÁIS REDE, INCIDENCIA E PARTICIPACIÓN

- **Grupo de Traballo Fondos Estruturais (FFEE).** O traballo deste grupo centrouse en facer un seguimento e analizar os compromisos dos Comités de Seguimento nos que EAPN está presente: Fondo Social Europeo Galicia 2014 -2020 e do FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020. Asemade, en colaboración con EAPN-España, planificáronse actuacións de incidencia na Comisión Europea e Administración Xeral do Estado, en especial no incremento da obriga de dedicar o 20% dos fondos á loita contra a pobreza e a exclusión social no futuro FSE+ a partires do 2021.
- **Informe emendas ao Decreto do Concerto Social.** O documento é resultado dun proceso de consulta e consenso coas entidades membro para coñecer as súas emendas ao “Proxecto de Decreto polo que se desenvolve o réxime de concerto para a prestación de Servizos Sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia”. Fíxose incidencia tanto no trámite de exposición pública como no Consello de Benestar.
- **Informe emendas ao anteproxecto de Lei de Impulso Demográfico.** Tras un proceso de consulta e consenso coas entidades membro, elaborouse un documento resume coas emendas de EAPN Galicia que foi presentado e negociado coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Tamén se fixo incidencia indirecta no Consello Económico e Social.
- **Borrador do informe Vivenda en Galicia 2019.** Neste informe, recollese información estatística de interese sobre o acceso a vivenda de galegos e galegas, así como a normativa e os recursos sociais existentes neste senso, co obxectivo de servir de base para as demandas de EAPN Galicia no eido de exclusión residencial, tanto na Axenda Social, Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 ou mesmo nas vindeiras eleccións autonómicas.
- **Seguimento da Estratexia Galega Persoas sen Fogar.** Na liña de colaborar e cooperar no desenvolvemento das medidas que integran o Plan de atención ás persoas sen fogar 2019-2023¹⁹, comezouse a traballar na análise do cumprimento e implantación das medidas contempladas no mesmo para facilitar a interlocución posterior e o proceso de seguimento

¹⁹ [Un plan para defender os dereitos das persoas sen fogar](#)

que, como se di no propio Plan, realizárase no grupo de traballo de exclusión residencial da Axenda Social de Galicia.

- **EAPN no Consello de Economía Social de Galicia.** A entrada neste consello consultivo permite, ademais de recoñecer o papel das organizacións de acción social como parte da economía social, reforzar lazos e traballo en rede tanto con organizacións non lucrativas, Centros Especiais de Emprego ou Empresas de Inserción como con empresas da economía social e solidaria. Asemade, tamén implica estar presentes nun órgano de interlocución coa Consellería de Industria e nomeadamente coa Secretaría Xeral de Emprego, facilitando a comunicación neste eido e que mellore a imprescindible comunicación e relación directa das políticas de fomento de emprego coas de política social.
- **Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030: mesas de Inclusión Social e Igualdade e Familia e Benestar.** Durante o 2019 estívoase a participar na elaboración da Axenda Social²⁰, inicialmente prevista ata 2027 pero por recomendación tamén de EAPN decidiuse facela compatible cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030 comprometida pola Xunta de Galicia. No mes de xullo participouse na identificación de demandas e necesidades e no mes de decembro na de propostas de actuación. Nos dous casos nas mesas de Inclusión Social de Igualdade e Familia e Benestar.

Moito máis en:

www.pobreza.gal

[@EAPNGalicia \(Twitter\)](https://twitter.com/EAPNGalicia)

[EAPN Galicia \(Facebook\)](https://www.facebook.com/EAPNGalicia)

²⁰ [Reducir á metade a pobreza de Galicia no 2030?](#)